TEMA 1 CCSS: O UNIVERSO.

1. QUE É O UNIVERSO?

É un gran conxunto de corpos celestes (galaxias, estrelas, planetas…) e o espazo que os contén.
Orixen: Fai aproximadamente 14.000 millóns de anos houbo unha gran explosión, o Big Bang, que lanzou gas e po en todas direccións, según foron enfriando e combinándose formaron os corpos celestes.

2. QUE É UNHA GALAXIA?

É unha agrupación de estrelas, nebulosas, planetas, po interestelar, gases e partículas que están unidos entre sí por unha forza gravitacional.

3. COMO ESTÁ FORMADO O SISTEMA SOLAR.

Está formado por todos os corpos celestes que xiran ao seu redor atraídos pola gravidade.

Planetas: astros sen luz propia que orbitan ao redor do sol: Mercurio, Venus, Terra, Marte, Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno.
Satélites: astros que xiran ao redor dos planetas.
Estrelas: é una bola xigantesca de gas. Desprenden luz e calor.

4. MOVEMENTOS DA TERRA.

A Terra ten forma xeoide (unha esfera achatada polos polos). Ten 2 movemento: Rotación (días e noites) e Traslación (estacións: solsticios de verán e inverno, e os equinoccios de primaveira e outono).

5. A LÚA.



É o noso satélite. Ten 4 fases: Lúa Nova, Cuarto crecente, Lúa Chea e Cuarto Minguante).

Os Eclipses ocorren cando a Terra, a Lúa e o Sol están aliñados. A eclipse de Lúa sucede cando a Terra se interpón entre o Sol e Lúa.



COMO REPRESENTAMOS A TERRA.

PLANISFERIO: É o mapa que mostra a totalidade da Terra.

OS PARALELOS E OS MERIDIANOS:

PARALELOS: son círculos imaxinarios que dividen a terra (horizontalmente), o paralelo más grande é o Ecuador (está no centro) divide a Terra en Hemisferio Sur e Hemisferio Norte. Outros paralelos importantes son: Trópico de Cáncer, Trópico de Capricornio, Círculo Polar Ártico e o Círculo Polar Antártico. A **Latitude** é a distancia entre calquera punto da superficie terrestre e o Ecuador, mídese en graos e pode ser Norte e Sur.



OS MERIDIANOS: son semicírculos imaxinarios que dividena Terra dende o Polo Norte ao Sur. O Meridiano 0 é o de Greenwich. A **Lonxitude** é a distancia entre calquera punto da superficie terrestre e o meridiano de Greenwich. Tamén se miden en graos e pode ser Leste e Oeste.

OS FUSOS HORARIOS

Ata o século XIX cada zona do mundo tiña a súa hora local, que estaba axustada á hora solar. Nesa centuria xurdiu a necesidade de crear un horario universal de 24 horas: así apareceron os fusos horarios.

Os fusos horarios son cada unha das 24 franxas imaxinarias en que se divide a superficie da Terra para determinar a hora en calquera parte do mundo.

O fuso de referencia é o que contén ao meridiano 0º, de modo que a hora dos outros calcúlase +1 hora por cada franxa cara ao leste ou -1 hora por cada franxa cara ao oeste.

Existen países que acordan a mesma hora oficial, aínda que estean localizados en distintos fusos horarios (os países europeos), e países cuxo territorio se distribúe en máis dun fuso horario que utilizan a mesma hora oficial para a súa totalidade (China). Ou países con diferentes fusos coma EEUU.


fuso
horario
fuso de fiar

O meridiano a partir do cal se suman e restan as horas é o meridiano 0 ou de Greenwich.
meridiano de Greenwich
-1 h
Oeste
+1 h
Leste